



Recomendación dirixida á Universidade de Santiago de Compostela para que adopte as medidas compensatorias precisas para corrixir os prexuízos derivados dunha inadecuada organización das materias do plan de estudos da primeira promoción do dobre grao en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria que a universidade houbo de axustar na súa estrutura á dos restantes programas de dobre titulación de grao.

Expediente: D.3.Q/320/21

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2021

Sr. rector:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] referente aos prexuízos laborais e económicos padecidos polo alumnado pola inadecuada configuración dunha dobre titulación impartida pola Universidade de Santiago de Compostela.

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indicaba que formaba parte da primeira promoción do Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Educación Primaria que a USC comezou a ofertar no campus de Lugo o curso 2016/2017 (un ano máis tarde este dobre grao tamén se introduciu no campus de Santiago de Compostela). Cando iniciaron os seus estudos informóuselles de que, tal e como se recollía no plan de estudos que xuntaban, ao remate do 4º curso “os estudantes estarán en condicións de obter o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Primaria”. Deste xeito, ao finalizar 4º titularían no primeiro dos dous graos que están a facer, rematando o Grao en Educación Infantil no seguinte ano.

Porén, cando ao remate de 4º curso, con todas as materias e o Traballo de Fin de Grao relativos ao Grao en Mestre/a de Educación Primaria realizados, intentaron solicitar o título, foilles denegado. Presentaron reclamacións e puxéronse en contacto coa Facultade e coa Unidade de Xestión Académica da USC, pero a única resposta que obtiveron foi unha negativa a un título ao que, segundo o plan de estudos, tiñan dereito. Isto supuxo para o alumnado do dobre grao un prexuízo laboral totalmente imprevisto: non puideron acceder

ás bolsas de interinidade convocadas pola Xunta de Galicia o pasado verán e tamén lles impedía traballar en centros privados.

Con todo, aínda tiveron unha consecuencia máis negativa xa que este curso non puideron acceder ás bolsas do Ministerio de Educación, o que supuxo a perda de case 6.000 euros para algunhos dos afectados. Desde o Ministerio de Educación alegouse que, conforme ó plan de estudos, incumpren os requisitos por dispoñer xa dun Grao, que de feito non teñen, e que por parte da USC se lles denega. Ademais, seguen a cursar a mesma titulación que os catro anos anteriores, sen iniciar unha nova, polo que non entenden o conflito coas bolsas.

Ante esta situación tentaron atopar solucións coa Universidade de Santiago de Compostela. De cara ás seguintes promocións, o plan de estudos xa foi modificado (co curso xa avanzado e cos inconvenientes que iso pode supor para o alumnado) para evitar que se atopen coa imposibilidade de ter bolsas no último curso. Porén, ninguén lles ofrece unha solución e os escritos e correos enviados non parecen servir para nada.

Ante iso requirimos informe a esa Reitoría, que xa nola remitiu. Coa información aportada a Universidade de Santiago de Compostela reconece que na convocatoria de bolsas do Ministerio de Educación se regula no seu artigo 27 a concesión de bolsas de dobres titulacións, polo que o alumnado deste programa podería acollerse, en principio, a esta bolsa. Sen embargo, a súa interpretación foi que non tiñan dereito á bolsa por entender que o feito de ter realizado o TFG dunha das titulacións e ter superados 240 ECTS supoñía estar en condicións de obter unha titulación.

A USC, desconforme con esta interpretación, presentou un informe ao Ministerio explicando a situación co obxecto de que se tivera en conta no momento da adxudicación. Non obstante o anterior, ante os problemas manifestados por unha parte do alumnado da dobre titulación de grao en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria para poder concorrer ás convocatorias de bolsas xerais e de bolsas de colaboración do Ministerio, despois de solicitar os informes técnicos pertinentes sobre esta situación, acordouse por parte dos órganos implicados nesta cuestión que a mellor solución era promover unha modificación do programa de estudos do dobre grao para reorganizar materias de xeito que os Traballos Fin de Grao das dúas titulacións se sitúen no último curso, harmonizando así a súa estrutura coa dos restantes programas de dobre titulación de grao deseñados en virtude do previsto na normativa sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas da USC e en cumprimento das previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

A modificación do programa de estudos do dobre grao tramitouse seguindo o procedemento establecido e foi aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 29 de decembro de 2020 e publicada no taboleiro de anuncios oficial da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha vez publicada a modificación do programa de estudos, que ten efectos a partir do curso académico 2020-2021, ábrese a posibilidade para o alumnado matriculado neste curso de realizar xa o cambio de matrícula no período establecido para o segundo semestre, o que lle facilitaría o acceso ás bolsas, ou ben, se o considera máis favorable para a súa situación persoal, manter a matrícula nos termos actuais.

Por último, indica o informe que ao alumnado matriculado en cuarto o curso pasado ao que lle foi denegada a Bolsa do Ministerio facilitóuselle un informe en trámite de reclamacións para que se tivera en conta a súa especial situación a efectos de concesión da bolsa por parte do Ministerio.

En conclusión, a USC considera que o alumnado de dobre grado en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria debería ter dereito á bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional conforme á convocatoria xeral por canto non tiña finalizados os seus estudos e non estaba en condicións de graduarse. A USC a través de informes e contactos co Ministerio intentou e segue intentando que se lle conceda a bolsa pero con resultados infrutuosos ata o momento actual.

En todo caso para evitar situacións similares en cursos futuros optou por modificar o plan de estudos para clarificar que non se obtén ningunha das dúas titulacións ata o remate do programa completo polo que este problema quedaría solucionado para as seguintes promocións.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

-As dificultades reflectidas na queixa sobre a empregabilidade e a imposibilidade de acceso ás bolsas do Ministerio de Educación, paradoxalmente dúas consecuencias negativas que se producen pola interpretación en sentido contrario do mesmo plan de estudos, derivan dunha configuración problemática do plan da dobre titulación. Sobre este aspecto, o alumnado non ten ningunha responsabilidade nin debe soportar esas consecuencias negativas, tendo en conta que a memoria da dobre titulación manifestaba de xeito expreso o seguinte: **“Ao remate do 4º curso os estudantes estarán en condicións de obter o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Primaria**, de maneira que o 5º curso ofrece os créditos necesarios para obter tamén o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Infantil”.

-Precisamente esta afirmación da memoria é desmentida no informe da Universidade de Santiago de Compostela cando considera que o alumnado de dobre grado en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria debería ter dereito á bolsa do Ministerio de Educación e Formación Profesional conforme á convocatoria xeral “**por canto non tiña finalizados os seus estudos e non estaba en condicións de graduarse**”.

-A Universidade de Santiago de Compostela configurou a dobre titulación de modo que cabe interpretar, de acordo coa lexislación universitaria e tal e como fai o Ministerio de Educación, que ao ter cursados os 240 créditos do plan de estudos e ter defendido o traballo de Fin de Grao, unha das titulacións estaba rematada. A reforma do plan de estudos levada a cabo pola Universidade de Santiago de Compostela supón un recoñecemento implícito de esta disfunción. O informe pon de manifesto que, para poder concorrer ás convocatorias de bolsas xerais e de bolsas de colaboración do Ministerio, despois de solicitar os informes técnicos pertinentes sobre esta situación, acordouse por parte dos órganos implicados que a mellor solución era promover unha modificación do programa de estudos do dobre grao para reorganizar materias de xeito que os Traballos Fin de Grao das dúas titulacións se sitúen no último curso, harmonizando así a súa estrutura coa dos restantes programas de dobre titulación de grao deseñados en virtude do previsto na normativa sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas da USC e en cumprimento das previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Á vista do anterior, non é suficiente con corrixir o problema cara ás vindeiras promocións de egresados senón que a Universidade de Santiago de Compostela debe arbitrar medidas para paliar a imposibilidade de concorrer ás convocatorias de bolsas xerais e de bolsas de colaboración do Ministerio, derivada dunha inadecuada configuración do plan de estudos que xerou, ademáis, no alumnado unha falsa expectativa de acadar un título ao remate do 4º curso.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa reitoría a seguinte **recomendación**:

Que a Universidade de Santiago de Compostela adopte as medidas compensatorias precisas para corrixir os prexuízos derivados dunha inadecuada organización das materias do plan de estudos da primeira promoción do dobre grao en Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria que a universidade houbo de axustar na súa estrutura á dos restantes programas de dobre titulación de grao deseñados en virtude do previsto na normativa sobre

dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas da USC e en cumprimento das previsións do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo